# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN INFANTIL

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL
2021-22

**ÍNDICE**

**1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ____ 3**

**2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN CON ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL ____ 8**

2.1 Información ao alumnado e as familias ____ 9

2.2 Metodoloxía ____ 9

2.3 Actividades tipo ____ 9

2.4 Avaliación ____ 10

**3. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO PARA O SEGUNDO CICLO DE EI ____ 10**

**4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ____ 70**

**5. AVALIACIÓN ____ 79**

5.1 Procedementos e instrumentos de avaliación ____ 79

5.2 Criterios de cualificación ____ 83

**6. ATENCIÓN A DIVERSIDADE ____ 84**

6.1 As necesidades educativas específicas ____ 85

**7. METODOLOXÍA ____ 87**

**8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS ____ 101**

**9. EDUCACIÓN EN VALORES ____ 102**

**10. CONCRECIÓN DO PROXECTO LECTOR ____ 105**

**11. CONCRECIÓN DO PLAN TICS ____ 106**

**12. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVVENCIA ____ 111**

**13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ____ 111**

**14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN ____ 112**

**15. CONCLUSIÓN ____ 113**

**16. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS ____ 113**

**17. ANEXOS ____ 117**

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación pertence ao 2º ciclo de Educación Infantil do CEIP de Barouta.

A contextualización responde a información recollida no Proxecto Educativo

Para a súa elaboración tívose en conta a lexislación que presentamos a continuación:

- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22 .
- Lei Orgánica 2/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 229/201, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autómoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia,
- PEC do centro e atendendo ao disposto no:
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se **establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, e á

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- **Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2ª ciclo de EI na Comunidade Autónoma de Galicia**.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Instrucións do 31 de xullo de 2013, para a aplicación do Decreto 79/2010
- Instrucións do 30 de xullo de 2020, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/21.
- Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia vixente para o curso 2021/22, **VERSION 06/07/2021**

Para poder cumprir coas instrucións que mencionamos anteriormente, realizáronse algunhas adaptacións:

**ADAPTACIÓNS REFERIDAS A AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO**

- Aulas con agrupamentos estables.
- Uso de máscara

**ADAPTACIÓNS REFERIDAS A ORGANIZACIÓN DE TEMPOS E ESPAZOS**

- Empregaremos un sistema rotatorio para circular polos distintos espazos. Cada titoría pasará por un ambiente cada día.
- Dispoñemos de 2 zonas de patio nas que faremos quendas rotatorias.

**ADAPTACIÓNS REFERIDAS A CONCRECIÓN CURRICULAR**

- Realizamos os axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, proporcionando máis espazo curricular a educación socioemocional.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



- **Obxectivos** relacionados coa **formación sobre o Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2021-2022** (relacionados coa formación en normas de prevención, hixiene e promoción da saúde).
    - Familiarizar ao alumnado coas medidas organizativas establecidas no centro (horarios de entrada e saída, circuítos establecidos.
    - Concienciar das medidas hixiénicas adoptadas polo centro para a prevención da enfermidade (uso de máscaras, lavado de mans...) recollidos no Plan de Continxencia.

Vai dirixida a un total de 75 nenos e nenas distribuídos en 3 grupos mixtos. Os grupos están repartidos do seguinte xeito:

- **Infantil A:** A titoría conta con **25** nenos/as. **9** do **4º** nivel, **7** do **5º** nivel, **9** do **6º** nivel.
- **Infantil B:** A titoría conta con **25** nenos/as. **6** do **4º** nivel, **10** do **5º** nivel **9** do **6º** nivel.
- **Infantil C:** A titoría conta con **25** nenos/as. **10** do **4º** nivel, **8** do **5º** nivel **7** do **6º** nivel.

Na aula usaremos o galego seguindo o proxecto lingüístico do centro e, tendo en conta a lingua do contorno, sen descoidar a outra lingua oficial de Galicia, o castelán, e unha lingua estranxeira (inglés), tal e como se reflicte no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o pluringüismo no ensino non universitario de Galicia**, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

En Infantil A, 12 nenas e nenos, optaron polo ensino de valores cívicos e sociais, en Infantil B, 16, en Infantil C,12. O resto do alumnado optou pola ensinanza relixiosa.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Nos 3 grupos realizan labores docentes 4 mestras (INF. B con titoría compartida, por Xefa de Estudos e Secretaria) e 2 mestres de apoio, unha substitúe ademais as titoras de Infantil B nas sesións nas que estas realizan as tarefas de Xefatura de Estudos e Secretaría. Tamén contamos con outras mestras que impartirán as sesións de inglés, música, relixión e psicomotricidade.

Como profesionais da educación debemos programar a nosa actuación e sometela a revisión segundo as circunstancias. A necesidade de programar responde a consideracións tales como que non podemos caer na improvisación continua nin na rutina das actividades. Por iso debemos marcar pautas que nos permitan crear aprendizaxes significativas, para conseguir unha ensinanza, organizada e coherente.

Consideramos que o traballo por **Ambientes de Aprendizaxe** é o modelo educativo máis axeitado para o noso alumnado. Esquecémonos do concepto de aula e pensamos en diferentes espazos preparados para que as nenas e nenos poidan aprender de maneira activa, cremos nunha escola para ser vivida na que o protagonista fundamental é a confianza na capacidade das nenas e nenos  e desde a non directividade, onde o papel das mestras será o de prever e acompañar, e que debemos documentar as accións e interactuar co alumnado, pero de maneira non intrusiva.

Parte dun enfoque **globalizador e constructivista** das aprendizaxes,  unha metodoloxía activa na que o neno e a nena sexan os suxeitos activos nas súas aprendizaxes atendendo, ademais ao desenvolvemento das competencias básicas e dentro dun contexto basicamente lúdico,

Préstase atención ademais á teoría das Intelixencias múltiples, na que a partir do obxectivo prioritario de desenvolver todas as capacidades de nenos e nenas, tense en conta e pártese das potencialidades e estilo cognitivo propio que, desenvolvidos de xeito diferente conforman a súa personalidade.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Tratarase de crear situacións de aprendizaxe nas que cada quen, segundo as súas características e capacidades (ter en conta tamén a diferencia de idade) desenvolva ao máximo as súas potencialidades físicas, psíquicas e emocionais; buscando como consecuencia directa a construción harmónica da personalidade de todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas.

Destacar os seguintes aspectos nos que se fundamenta e condicionan o estilo desta programación:

- **Globalización**: cada proposta de traballo ou actividade provoca a entrada en funcionamento de todas as capacidades.
- **Motivación:** partindo de aspectos coñecidos e do seu interese para conseguir unha actitude favorable cara ás novas aprendizaxes e que estas poidan ser significativas.
- **Individualidade:** respectando ritmos, momentos evolutivos e desenvolvendo todas as capacidades dos nenos e nenas partindo do estilo cognitivo propio, coñecendo as facultades máis fortes e máis débiles de cada un dos alumnos e alumnas para apoiarse nas primeiras e desenvolver de maneira máis doada as outras.
- **Afectividade**: tendo en conta que os sentimentos e as emocións moven as aprendizaxes e a necesidade d@s pequen@s de sentirse queridos para medrar na súa autonomía e na autoestima positiva, bases dunha aprendizaxe efectiva.
- **Socialización**: procurando a comunicación e a interrelación entre os membros do grupo para desenvolver actitudes de axuda (iguais e máis pequenos), colaboración e empatía.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



- **Prevención e compensación**: facendo propostas e tendo actuacións pedagóxicas dirixidas á atención da diversidade de peculiaridades persoais, momentos evolutivos e ritmos diferentes de aprendizaxe.
- **Interrelación familia-centro**: baseada nunha comunicación e colaboración fluída, xuntando criterios na educación e nas aprendizaxes evitando situacións que poidan producir inseguridade nos nenos e nenas.
- **Coordinación con 1º ciclo primaria**: tal e como se menciona no CAPÍTULO III da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22. Consideramos fundamental esta coordinación vertical, para que se produza un tránsito axeitado e haxa coherencia metodolóxica. Polo tanto, ámbalas dúas estarán en cohesión e estableceranse canles de comunicación fluida: desenvolvemento de proxectos e actividades conxuntas, xuntanzas de coordinación cas titoras de primaria cada 15 días.

## 2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN CON ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

A situación sanitaria provocada polo COVID 19 fai que este curso escolar, ao igual que o anterior, teñamos que programar para escenarios diferentes, permitindo en cada un deles o desenvolvemento do currículo por parte de todo o alumnado.

Dende estes modelos de ensino que se nos poden presentar intentaremos levar a cabo todos os elementos do currículo que constan nesta programación didáctica; aínda que con recursos espaciais, temporais e materiais diferentes.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


## 2.1 Información e comunicación co alumnado e as familias

Tal e como se detalla no Plan de Continxencia durante o Período de actividade lectiva non presencial utilizarase a Aula Virtual como método para a comunicación coas familias. Ademais para o acompañamento e contacto co alumnado, utilizaranse outros medios como; Tokappschool, blog “artellandonocole”, correo electrónico e vía telefónica.

## 2.2 Metodoloxía

A metodoloxía nesta situación basearase en propostas con carácter global e interdisciplinar, abertas cun carácter lúdico, experiencias manipulativas e significativas adaptadas ao contexto familiar en conexión coa escola. Todo isto favorece unha metodoloxía participativa na que as nenas e nenos constrúen as súas propias aprendizaxes, unha atención e acompañamento as nenas e nenos e as súas familias, ofrecéndolle seguridade afectiva, sendo a función das familias o acompañamento e coordinación coas mestras.

## 2.3 Propostas

Levaranse a cabo Actividades con materiais que poidan ter nas casas, e organizadas en torno aos distintos ámbitos de coñecementos: iniciación en lóxica-matemática e lecto-escritura, experimentación, achegamento a natureza, expresión plástica e artística, aproximación a literatura, actividades que reforcen todos aqueles **HÁBITOS** que melloren a súa **AUTONOMÍA E DESENVOLVEMENTO**

Todas as propostas serán vivenciais, manipulativas, abertas e globalizadas, respectando os ritmos individuais de cada nena e neno e respectando os principios de equidade, igualdade e inclusión.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Fomentaremos a iniciativa de nais e pais na organización e posta en común de propostas.

Ditas propostas presentaranse cunha periodicidade semanal 2/3 propostas por semana.

## 2.4 Avaliación

Manterase o carácter global e continuo da avaliación. Farase referencia ao procesos de aprendizaxe desenvolvidos durante o tempo de ensino presencial, así como as propostas de reforzo e ampliación presentadas ao alumnado durante o tempo de ensino non presencial.

Os **PROCEDEMENTOS** neste proceso de avaliación serán:

- A observación das producións .
- Análise do traballo reportado
- Videoconferencia
- Intercambios orais co alumnado.

Os **INSTRUMENTOS** utilizados serán:

- Propostas achegadas ao alumnado.
- Faladoiros na plataforma Cisco Webex

# 3. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO PARA O 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A continuación preséntanse, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, establecidos no currículo oficial e adaptados ó noso centro para cada unha das tres áreas globalizadas da etapa. Establecemos para elo unha serie de relacións entre os distintos elementos, coas competencias clave ás que se contribúe en cada caso e cos diferentes indicadores de logro.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



Partimos de cada un dos criterios de avaliación establecidos para, a partir do mesmo, asignar os obxectivos para o mesmo, establecendo finalmente unha serie de indicadores que permitan contrastar a consecución dos mesmos.

A numeración correspóndese coa orde na que os diferentes elementos aparecen no currículo oficial.

| ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL NIVEL: 4º | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACÓN** | **INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN** | **CC ASOCIADA** |
| ▪ **CSMAP.b** Coñecer o seu corpo globalmente e identificar algúns dos seus elementos e algunhas características diferenciais. | **Bloque 1: O corpo e a propia imaxe**<br>▪ **CSMAP.B.I.5** Segmentos corporais: cabeza, tronco, pernas, pés, brazos, mans...<br>▪ **CSMAP.B.I.5** Descubrimento das características do seu corpo globalmente.<br>▪ **CSMAP.B.I.5** Características diferenciais do corpo.<br>▪ **CSMAP.B.I.5** Aceptación de si mesmo/a, das propias características corporais. | ▪ **4º CSMAP.1** Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes. | **Bloque 1: O corpo e a propia imaxe**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>• 4º CSMAP.1.1 Sinala as partes principais do seu corpo.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>• 4º CSMAP.1.3 Nomea as partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas. | **CAIP**<br>**CCL**<br>**CAA** |
| • **CSMAP.b** Avanzar na precisión de xestos e movementos. | • **CSMAP.B.I.5** Potenciación da construción do esquema corporal a partir de sensacións e percepcións do propio corpo e da súa interacción coas outras persoas, o medio e os obxectos.<br>▪ **CSMAP.B.I3** Recoñecemento e vivenciación das referencias espazo-temporais máis básicas en relación co propio corpo, coas persoas e cos obxectos.<br>▪ **CSMAP.B.1.7** Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas. | ▪ **4º CSMAP.2** Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. | **1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.2.1** Globalmente móvese con axilidade.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.2.2** Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.2.3** Esfórzase e pon a proba a súa habilidade motriz. | CAIP<br>CCL |
| | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ **CSMAP.b** coñecer e representar o propio corpo identificando as súa partes máis globais e algunhas das súas funcións. | ▪ **CSMAP.B.1.6** Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións e das percepcións exteroceptivas dos sentidos.<br>▪ **CSMAP.B.1.10** Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión e percepción. | ▪ **CSMAP.3** Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións. | **2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.3.1** Discrimina silencio son.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.3.2** Verbaliza as súas percepcións. | CCL<br>CAIP |
| • **CSMAP.a** Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal. | ▪ **CSMAP.B.1.9** Identificación da propia imaxe de forma global.<br>▪ **CSMAP.B.1.9** Adquisición de confianza nas capacidades propias e potenciación do afán de superación.<br>▪ **CSMAP.B.1.4** Petición e aceptación da axuda nas situacións que así o requiran. | ▪ **CSMAP.4** Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. | **1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.4.1** É quen de solicitar axuda cando a precisa.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.4.3** Organízase de acordo coas súas posibilidades.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.4.4** Mostra constantemente desexos de superación. | CCL<br>CAIP<br>CSC |
| • **CSMAP.a** Adquirir progresivamente a concepción de si mesmo como un ser autónomo e independiente.<br>• **CSMAP.h** Coñecer e identificar a existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas | ▪ **CSMAP.B.1.11** Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.<br>▪ **CSMAP.B.1.12** Aceptación da identidade e características das demais persoas, respectando as diferenzas.<br>▪ **CSMAP.B.1.14** Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. | ▪ **CSMAP.5** Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. | **2ª AVALIACIÓN**<br>• **4º CSMAP.5.1** Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc., independentemente do xénero.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>• **4º CSMAP.5.2** Capta e describe diferenzas e semellanzas entre persoas. | CCL<br>CSC<br>CAIP<br>CIMF |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| formas de vida, hábitos e algunhas costumes diferentes ás nosas. | | | | |
| • **CSMAP.c** Descubrir as posibilidades expresivas do seu corpo para expresar sentimentos e emocións.<br>• **CSMAP.a** Adquirir progresivamente a concepción de si mesmo como un ser autónomo e independente. | ▪ **CSMAP.B.1.4** Regulación progresiva de emocións e sentimentos.<br>▪ **CSMAP.B.1.8** Predisposición a prestarlles axuda ás compañeiras e compañeiros. | • **CSMAP.6** Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas. | **1ª AVALIACIÓN**<br>• **4º CSMAP.6.1** Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.6.2** Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións. | CCL<br>CSC<br>AIP |
| • **CSMAP.b** Explorar as posibilidades motrices e posturais do seu corpo e comezar a empregalas de forma coordinada axeitándoas, progresivamente, ás diversas situacións.<br>• **CSMAP.b** Desenvolver a coordinación óculo-manual e a motricidade necesaria para a manipulación e utilización de obxectos ou instrumentos propios da escola (lapis, pincel, cera, punzón, pelota …) | **Bloque 2: Xogo e movemento**<br>▪ **CSMAP.B.2.7** Gusto e gozo coas actividades motrices.<br>▪ **CSMAP.B.2.11** Progresiva adecuación do ton muscular e da postura nas distintas actividades motrices.<br>▪ **CSMAP.B.2.11** Progresivo control postural: reprodución de posturas, invención de posturas, posturas naturais...<br>▪ **CSMAP.B.2.11** Coordinación progresiva de movementos en actividades manipulativas de carácter fino: riscar, puntear, trazar, marcar... | ▪ **CSMAP.7** Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas. | **Bloque 2: Xogo e movemento**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.7.1** Elixe con facilidade o xogo.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.7.4** Oriéntase ben es espazos exteriores e pouco coñecidos (saídas, excursións...) | CSC<br>AIP |
| ▪ **CSMAP.e** Adecuar o propio comportamento ás necesidades ou requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes | ▪ **CSMAP.B.2.1** Participación nos xogos e na actividade motriz, amosando actitudes de constancia.<br>▪ **CSMAP.B.2.2** Gozo co xogo como medio | ▪ **CSMAP.8** Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen. | **2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.8.1** Intégrase en xogos de grupo. | CCL<br>CSC<br>CAIP |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| e hábitos de respecto, axuda e colaboración.<br>▪ **CSMAP.i** Descubrir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humano, a manifestación das emocións e a aceptación de regras. | para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con adultos. Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.<br>▪ **CSMAP.B.2.6** Fortalecemento de vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidariedade, ..a través do xogo.<br>▪ **CSMAP.B.2.6** Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.<br>▪ **CSMAP.B.2.6** Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento dos xogos propios da comunidade.<br>▪ **CSMAP.B.3.7** Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais. | | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4ºCSMAP.8.2** Mantense participativo nun mesmo xogo un tempo importante. | |
| ▪ **CSMAP.d** tomar a iniciativa, aceptar as pequenas frustracións e ser quen de solicitar axuda.<br>▪ **CSMAP.g** Colaborar de forma progresiva, dentro das súas posibilidades, nas tarefas propias do coidado do medio familiar e escolar. | **Bloque 3: A actividade cotiá**<br>▪ **CSMAP.3.1** Normas elementais de relación e regulación do propio comportamento.<br>▪ **CSMAP.B.2.4** Iniciativa para realizar accións e actividades novas.<br>▪ **CSMAP.B.3.2** Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.<br>▪ **CSMAP.B.3.4** Hábitos elementais de constancia, atención, iniciativa e esforzo. | ▪ **CSMAP.9** Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | **Bloque 3: A actividade cotiá**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.9.1** Séntese a gusto e está adaptado/a ao ritmo da aula.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.9.3** Esfórzase na realización das tarefas.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP.9.4** Entende as consignas e ségueas.<br>▪ **4º CSMAP.9.6** Soluciona pequenos | CCL<br>CSC<br>CAIP |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ **CSMAP.B.3.6** Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda. | | problemas da vida cotiá. | |
| • **CSMAP.f** Adquirir unha autonomía progresiva no desenvolvemento dos hábitos relacionados co coidado e a hixiene persoal e a limentación. | ▪ **Bloque 4**: **O coidado persoal e a saúde**<br>▪ **CSMAP.B.4.2** Identificación, manifestación, regulación e control de necesidades básicas do corpo como o control de esfínteres e a hixiene e aseo.<br>▪ **CSMAP.B.4.1** Recoñecemento das necesidades básicas do corpo,- hixiene, alimentación, descanso.<br>▪ **CSMAP.4.4.** Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental , a axeitada alimentación, o consumo responsable e o descanso.<br>▪ **CSMAP.B.4.3** Comprensión da necesidade das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene (hixiene de mans: lavado frecuente e correcto de mans con auga e xabón, uso correcto da solución hidro alcohólica.<br>▪ **CSMAP.B.4.6** Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha | ▪ **CSMAP 10** Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | **Bloque 4**: **O coidado persoal e a saúde**<br>**1ª, 2ª,3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP 10.3** Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario<br>▪ **4º CSMAP 10.4** É autónomo no coidado de si mesmo.<br>▪ **4º CSMAP 10.5** Procura manter limpos os espazos. | CAIP<br>CIMF |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | boa saúde, como uso correcto da máscara.<br>▪ **CSMAP.B.4.7** Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. | | | |
| • **CSMAP.f** Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación. | ▪ **CSMAP.B.4.9** Identificación dalgunhas situacións que poden resultar perigosas.<br>▪ **CSMAP.B.4.10** Fomento de hábitos de prevención de enfermidades, en especial as relacionadas coa **covid 16, (**evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, uso axeitado da máscara, distancia de seguridade) e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración. | ▪ **CSMAP 11** Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. | **1ª;2ª; 3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP 11.1** identifica situacións perigosas e evítaas<br>**2ª, 3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CSMAP 11.2** Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes. | CIMF<br>CAIP |

| ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO | | NIVEL: 4º | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACIÓN** | **INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN** | **CC ASOCIADA** |
| ▪ **CC.a** Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunha situacións significativas.<br>▪ **CC.b** Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando elementos e coleccións, identificando atributos e cualidades e establecendo relacións de agrupamentos e clasificación. | **Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida**<br>▪ **CC.B.1.1** Observación, manipulación e exploración de obxectos e materiais e as súas calidades. Iniciación á utilización axeitada dos obxectos segundo a súa función.<br>▪ **CC.B.1.2** Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria. | ▪ **CC.1** Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. | **Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC. 1.1** Realiza exploracións cos materiais que se lle ofrecen.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC. 1.2** Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC. 1.5** Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo | CCL<br>CIMF<br>CAIP |
| ▪ **CC.b** Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando elementos e coleccións, identificando atributos e cualidades e establecendo relacións de agrupamentos e clasificación. | ▪ **CC.B.1.5** Recoñecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos).<br>▪ **CC.B.1.9** Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo. | ▪ **CC. 2** Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC. 2.1** Asocia algúns números coas cantidades que representan.<br>▪ Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual) | CMCT<br>CCL<br>CSIEE |
| ▪ **CC.i** Aplicar as habilidades matemáticas a situacións da vida cotiá, establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, medindo, pesando. | ▪ **CC.B.1.8** Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotía.<br>▪ **CC.B.1.10** Investigación do comportamento físico de materiais e obxectos e diferente | ▪ **CC. 3** Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. | **2ª , 3ª ,AVALIACIÓN**<br>▪ **4ºCC.3.1** Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación | CIMF<br>CCL<br>CAIP<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | situacións e con variadas accións. | | de operacións de cálculo sinxelas. | CAA |
| ▪ **CC.i** Aplicar as habilidades matemáticas a situacións da vida cotiá, establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, medindo, pesando. | ▪ **CC.B.1.11** Achegamento a algunhas magnitudes físicas (manipulables) a través da estimación: comparando, sopesando, observando.<br>▪ **CC.B.1.12** Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais facendo unha aproximación ao seu uso | ▪ **CC.4** Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás. | **2ª, 3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC. 4.1** Mide obxectos e ordénaos: máis grande que, máis pequeno que. | CIMF<br>CAIP<br>CCL<br>CAA |
| ▪ **CC.b** Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando elementos e coleccións, identificando atributos e cualidades e establecendo relacións de agrupamento e clasificación. | ▪ **CC.B.1.14** Achegamento ás figuras planas en obxecto, elementos do entorno ou en imaxes: círculo, cadrado, triángulo.<br>▪ **CC.B.1.16** Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos. | ▪ **CC. 5** Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos -liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos- | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4ºCC.5.1** Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulos,, cadrados, triángulos, círculos (lados, forma... | CIMF<br>CAIP<br>CCL<br>CAA |
| ▪ **CC.i** Aplicar as habilidades matemáticas a situacións da vida cotiá establecendo relacións, explorando, ordenando... | ▪ **CC.B.1.15** Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto ao vocabulario topolóxico elemental.<br>▪ **CC.B.1.17** Vivenciación representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas,.... | ▪ **CC. 6** Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.6.1** Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa. | CIMF<br>CCL<br>CAIP |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ **CC.B.a** Observar e explorar de forma activa o seu contorno , xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas. | ▪ **CC.B.1.3** Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.<br>▪ **CC.B.1.14** Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións.<br>▪ **CC.B.1.14** Aproximación ó uso do calendario. | ▪ **CC. 7** Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida. | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.7.2** Diferenza as nocións temporais de: pola mañá-pola tarde-pola noite. | CIMF<br>CCL<br>CAIP<br>CAA |
| ▪ **CC.b** Observar e comprender os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do medio físico. | **Bloque 2: Achegamento á natureza**<br>▪ **CC.B.2.1** Actitude de respecto cara ós elementos do medio.<br>▪ **CC.B.2.1** Contribución no mantemento e na limpeza do medio: utilización dos colectores de reciclaxe.<br>▪ **CC.B.2.1** Valoración de medios limpos e non contaminados.<br>▪ **CC.B.2.1** Uso de materiais de refugallo ou reutilización para reducir lixo e volume de materiais.<br>▪ **CC.B.2.1** Contornos vexetais próximos: o parque, a horta, o bosque.<br>▪ **CC.B.2.1** Observación guiada, directa ou indirecta, dos cambios naturais do medio próximo.<br>▪ **CC.B.2.6** Atención aos acontecementos e ás manifestacións do medio: cambios de estación e con elas, (de roupa, | ▪ **CC. 8** Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. | **Bloque 2: Achegamento á natureza**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.8.23** Goza ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.8.1** Ten curiosidade por todo o que o rodea<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ Identifica normas básicas para a conservación do contorno. | CCL<br>CAIP<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | paisaxes, alimentos, plantas...)<br>▪ **CC.2.8** Método científico.<br>▪ **CC.B.2.8** Algúns fenómenos atmosféricos: a chuvia, néboa, vento o arco da vella.<br>▪ **CC.B.2.9** Gozo ao realizar investigacións ou actividades en contacto coa natureza.<br>▪ **CC.B.2.9** Formulación de preguntas ou hipóteses, contrastándoas ou buscando a resposta, a cerca dos fenómenos da natureza ou dos recursos naturais.<br>▪ **CC.B.2.9** Valoración dos beneficios que achegan para a nosa alimentación e saúde os animais e as plantas. | | | |
| | • **CC.B.2.4** Observación e identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos. | ▪ **CC.9** Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos. | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.9.1** Identifica as necesidades nas etapas de desenvolvemento das persoas e doutros seres vivos (alimentación, hixiene...). | CIMF<br>CLL |
| ▪ **CC.f** Identificarse como membro de grupos sociais máis amplos, coñecer as súas características, valores e formas de vida.<br>▪ **CC.f** Establecer relacións de confianza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas | **Bloque 3: Cultura e vida en sociedade**<br>▪ **CC.B.3.1** Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas | ▪ **CC.10** Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización. | **Bloque 3: Cultura e vida en sociedade**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.10.11** Coñece as rutinas da aula.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.10.2** Conta cousas das súas experiencias familiares.<br>▪ **4º CC.10.3** Acepta e respecta as | CSC<br>CIMF<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e valores da sociedade á que pertencen. | responsabilidades.<br>▪ **CC.B.3.1** Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.<br>▪ **CC.B.3.5** Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento. | | normas de funcionamento da aula.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.10.4** Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos. | |
| ▪ **CC.d** Identificarse como membro de grupos sociais máis amplos, coñecer as súas características, valores e formas de vida | ▪ **CC.B.3.4** Achegamento ás funcións que compren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos | ▪ **CC.11** Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios. | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4ºCC.11.2** coñece distintos oficios e recoñece o seu valor na sociedade. | CCL<br>CIMF |
| ▪ **CC.e** Coñecer expresións culturais dos grupos ós que se pertence.<br>▪ **CC.g** Coñecer e apreciar algún elementos significativos propios da tradición e cultura galegas. | ▪ **CC.B.3.6** Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo: sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo. | ▪ **CC.12** Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. | **2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º CC.12.5** Identifica algunhas manifestacións culturais próximas. | CIMF<br>CCA |

| ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN NIVEL: 4º | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACIÓN** | **INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN** | **CC ASOCIADA** |
| ▪ **LCR.a** Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresa ideas e sentimentos, e como instrumento de representación, de aprendizaxe e de gozo.<br><br>▪ Utilizar manifestación non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto, o tacto, para comunicarse. | **Bloque 1: Linguaxe verbal**: **Escoitar, falar e conversar:**<br>▪ **LCR.B.1.1** utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais.<br>• **LCR.B.1.2** Uso progresivo de vocabulario variado e cada vez máis preciso, mellorando a entoación, a pronunciación e a estruturación de frases.<br>• **LCR.B.1.5** Acomodación progresiva dos seus enunciados ós formatos convencionais.<br>• **LCR.B.1.6** Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas – saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimento... | ▪ **LCR.1** Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. | **Bloque 1: Linguaxe verbal**: **Escoitar, falar e conversar:**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.1.1** Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.1.2** Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.1.4** Incorpora ao seu vocabulario as palabras novas. | CCL<br>CSC |
| ▪ **LCR.d** Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con | ▪ **LCR.B.1.4** Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferente | ▪ **LCR.2** Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita | **3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.2.1** Comprende as ordes e consignas habituais. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.<br>▪ **LCR.e** Comprender a intencionalidade comunicativa dos outros. | contextos e con persoas interlocutoras diversas, usando argumentos nas súas conversas, respectando as quendas e escoitando atentamente. | atenta e respectuosa. | | |
| ▪ **LCR.f** Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos. | ▪ **LCR. B 1.6** Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua. | ▪ **LCR.3** Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situación habituais de comunicación. | **1ª, 3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.3.2** Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.3.4** Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua extranxeira.<br>**3ª 2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.3.5** Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.<br>▪ **4º LCR.3.7** Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua | CCL<br>CSC<br>CAA |
| ▪ **LCR.h** Identificar e diferenciar entre imaxe e representación gráfica como formas de comunicación | **Aproximación a lingua escrita**<br>▪ **LCR.B.1.8** Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a | ▪ **LCR.4** Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na | **Aproximación a lingua escrita**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.4.1** Mostra interese polos textos escritos presentes no seu | CCL<br>CM<br>CSC<br>CIMF |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ **LCR.B.g** Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos. | través de soportes diferentes. | comprensión das súas finalidades.<br>Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. | contorno.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.4.2** Recoñece o seu nome.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **4º LCR.4.3 S**olicita que lle lean para obter información. | CAA |
| ▪ **LCR.i** Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e de pracer. | ▪ **LCR.B.1.16** Participación creativa en xogos lingüísticos.<br>▪ Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como fonte de diversión e coñecemento. | ▪ **LCR.7** Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento. | **1ª, 2ª,3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.7.1** Respecta e coida a biblioteca de aula. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA |
| ▪ **LCR.a** Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar,... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...<br>▪ **LCR.a** Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes. | **Bloque 2: Linguaxe artística: plástica, musical e corporal.**<br>▪ **LCR.B.2.3** Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo e volume e das posibilidades plásticas, creativas e de transformación de distintos materiais.<br>▪ **LCR.B.2.4** Gozo coas obras artísticas, distinguindo e apreciando elementos básicos das | ▪ **LCR.8** Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferente linguaxes artísticas e audiovisuais. | **Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical e corporal**<br>**1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.8.2** Traballa con interese con calquera tipo de material.<br>**2ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.8.1** As súas producións están organizadas.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.8.3** Fai uso de elementos da linguaxe plástica para lles dar maior expresividade ás súas producións (liña, forma, cor, textura, espazo e | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | formas de expresión, que lle permitan desenvolver a súa sensibilidades estética.<br>▪ **LCR.B.2.6** Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.<br>▪ **LCR.B.2.7** Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector.<br>▪ **LCR.B.2.8** Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros, manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, e indicando o que gusta e o que non.<br>▪ **LCR.B.2.9** Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha melloría na produción. | | volume).<br>▪ **6º LCR.8.4** Gusta de experimentar coa luz, as sombras e a cor facendo uso de lanternas, lámpadas, proxecto... e descubrindo as súas posibilidades creativas e plásticas.<br>▪ **6º LCR.8.5** E quen de expresar a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que lle producen as obras plásticas<br>**1ª,2ª,3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.8.6** Reproduce esquemas rítmicos. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ **LCR.b** Utilizar e recoñecer a importancia de diferentes manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto, o tacto, para comunicarse.<br>▪ **LCR.l** Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, esforzándose por melloralas e superarse e valorando as producións alleas. | ▪ **LCR.B.2.14** Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse a través de recursos non lingüísticos.<br>▪ **LCR.B.2.1** Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.<br>▪ **LCR.B.2.12** Recoñecemento de sons do contorno natural e social, de discriminación dos seus trazos distintivos.<br>▪ **LCR.B.2.13** Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.<br>▪ **LCR.B.2.14** Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.<br>▪ **LCR.B.2.15** Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.<br>▪ **LCR.B.2.16** Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e o intercambio afectivo | ▪ **LCR.9** Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. | **1ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.9.1** Participa activamente nas representacións e no xogo dramático.<br>**2ª,3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.9.2** Coordina as súas accións corporais coas das demais nenas e menos. | CCL<br>CSC<br>CCA |
| ▪ **LCR.m** Achegarse ó | **Bloque 3: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación**<br>▪ **LCR.B.3.4** Coñecemento, | ▪ **LCR.10** Utilizar, na medida das | **Bloque 3: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación.**<br>**1ª e 2ª AVALIACIÓN** | CCL<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| coñecemento e emprego das TIC- Ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo,..- como ferramentas de busca de información, de creación, expresión, comunicación e desfrute. | coidado e uso, na mediada das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.<br>▪ **LCR.B.3.1** Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.<br>▪ **LCR.B.3.3** Adquisición progresiva da convivencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e comunicación.<br>▪ **LCR.B.3.2** Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación, documentais.<br>▪ **LCR.B.3.6** Achegamento ao uso do ordenador, a cámara fotográfica, ... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais, a través de programas de edición de textos, e gráficos e de sons.<br>▪ **LCR.B.3.6** Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais. | súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. | ▪ **6º LCR.10.1** Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.<br>**3ª AVALIACIÓN**<br>▪ **6º LCR.0.2** Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento<br>▪ **6º LCR.10.3** Recoñece a utilidade da cámara fotográfica como ferramenta para captar a realidade. | CAA |

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


## 4.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Destacar a importancia que se lle da ao **desenvolvemento das competencias** que orientarán e impregnarán esta programación , téndose como referentes que guían a práctica educativa e condicionando o tratamento das áreas. Xunto coa consideración da teoría das **intelixencias múltiples** e dentro da **concepción constructivista da aprendizaxe** lévanos a facer fincapé na construción persoal e no desenvolvemento de todas as capacidades individuais fronte a aprendizaxe acumulativa.

Preténdese que os nenos e nenas aprendan a resolver situacións que se lle presentan na súa vida diaria, poñendo en xogo todas as habilidades persoais que posúen.

Trátase de potenciar e desenvolver esas habilidades desde a vida na aula por medio das experiencias e situación de aprendizaxe que acotío se presentan.

Para este desenvolvemento integral que pretendemos terase en conta a potenciación de:

- **A capacidade de comunicación lingüística** ***(intelixencia lingüística)*** *é a capacidade para manexar e estruturar a linguaxe, así coma para comprender as mensaxes* tanto oral como escrita con todo o que leva implícito na súa función de representar, interpretar e comprender a realidade, organizar os coñecementos ou regular un mesm@ o pensamento, as emocións e a conducta. Referida a :
  - Relacionarse positivamente cos demais a través da linguaxe, utilizándoa de xeito cada vez máis apropiado á situación de comunicación e á intención.
  - Desenvolver a linguaxe oral e escrita como sistema para representar a realidade vivida ou imaxinada e construír novos coñecementos.

- Utilizar unha segunda ou terceira lingua como ferramenta para o desenvolvemento para o desenvolvemento de capacidades lingüísticas xerais.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escrita explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.

- Ampliar o vocabulario e a formulación de textos orais e escritos cada vez máis complexos.
- Coñecer manifestacións artísticas e culturais de carácter lingüístico.
- Achegarse aos usos informáticos da linguaxe escrita.
- Espertar o interese pola manipulación de textos e polo tipo de información que conteñen.

- **A competencia matemática** ***(intelixencia lóxico-matemática)*** o desenvolvemento das destrezas matemáticas, coa exploración das propiedades dos obxectos cos que se ten contacto e o emprego da linguaxe matemática na descrición de situación próximas. Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

Contribuiremos á súa consecución en ambos niveis:

- Desenvolvendo o gusto pola investigación e pola constatación de hipóteses (iniciación ao método científico).
- Utilizando a linguaxe matemática para representar algúns aspectos da realidade cotiá.

- Usando estratexias matemáticas referidas á clasificación, agrupación, discriminación, comparación, ordenación... como medios para aprehender a realidade.
- Traballando elementos matemáticos básicos, resolvendo problemas e ampliando os coñecementos cuantitativos e espaciais da realidade.
- Comezando a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiás mostrando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Empregando o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
- Manipulando obxectos para descubrir as súas cualidades e establecer relacións entre eles.
- Comezando a situarse temporalmente, recoñecendo algunhas parcelas temporais.
- Coñecendo algúns elementos da serie numérica e valorando a importancia e utilidade da representación numérica fronte a outras formas de expresar a cantidade ou a posición.
- Iniciándose na cuantificación das magnitudes de lonxitude, peso, capacidade…

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico ( Intelixencia natural e ciéntifica)**

Esta competencia referida á habilidade para interactuar co mundo físico e coidar o medio natural e a saúde individual e colectiva. O descubrimento de diferentes entornas a partir da observación, a investigación, a exploración…

Contribuiremos á consecución desta capacidade:

- Iniciando ao alumnado no pensamento científico e potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, descubrir alternativas, buscar novas ideas e solucións….
- Potenciando a observación do seu medio natural próximo, así como interactuar con el.
- Desenvolvendo a capacidade para percibir o seu medio físico e algúns cambios que se producen nel. Poder ser quen de valorar e lograr unha vida saudable nun medio limpo e coidado. Participando nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, igual ca os corredores e recreos do centro, da casa, da rúa…
- Resolvendo problemas, na medida das súas posibilidades, interactuando co medio próximo.
- Coñecendo algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- Espertando unha actitude de respecto polos elementos naturais do entorno .
- Orientándose nos espazos e nos tempos onde desenvolve a súa actividade cotiá.
- Identificando e definindo algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanos e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.

- **Competencia da información e competencia dixital** ***( Intelixencia espacial, lingüística)***

Competencia que consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para **transformala en coñecemento.** O coñecemento dos

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


medios tecnolóxicos e os seus modos de emprego para aprender a transmitir información a través deles.

Está asociada á busca, selección, rexistro e tratamento da información, usando técnicas diversas, o que implica un grao progresivo de autonomía importante por parte d@ alumn@.

Faremos que os nen@s resolvan problemas reais, para o que se requirirá o tratamento de información e o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

- Valorando o uso dos recursos informáticos como fonte de información, comunicación e lecer. Facer aproveitamento da mesma.
- Adquirindo habilidades e destrezas básicas para manexar o ordenador, de xeito cada vez máis autónomo.
- Progresando na capacidade de comprensión da información dixital, integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
- Sendo quen de comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- Iniciando e ampliando o coñecemento en diferentes tipos de información e de linguaxes.
- Achegándose aos usos informáticos da linguaxe escrita, como emisores e receptores

  (textos diferentes)

- **Competencia social e cidadá** ***( Intelixencia emocional interpersoal )***

Competencia que consiste en desenvolver habilidades para convivir democraticamente nunha sociedade plural.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Contribuirase a habilidades sociais que permitan mediar nos conflitos de convivencia, axudar a resolvelos con actitude construtiva, e a tomar decisións con autonomía, sempre facendo uso do diálogo e da negociación.

Buscarase que os nenos e nenas, a partir da convivencia de acotío saiban comunicarse, expresar e escoitar ideas propias e alleas, comprender diferentes puntos de vista….así como valorar a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.

Desenvolveranse progresivamente as capacidades de :

- Escoitar aos seus compañeiros e compañeiras e os adultos, resolvendo os pequenos problemas que se lles presentan na súa vida cotiá utilizando o "diálogo".
- Establecer relación afectivas satisfactorias.
- Comezar a desenvolver as habilidades necesarias para traballar en grupo.
- Desenvolver hábitos de comportamento adecuados e adaptados aos diferentes contextos en que se desenvolve.
- Empezar a aceptar a necesidade de ter e respectar normas de convivencia.
- Compartir, articulando os intereses propios cos dos demais.
- Amosar actitudes de respecto cara os demais e as súas pertenzas.
- Establecer relacións sociais en ámbitos cada vez máis amplos, comezando polo centro e fora del.
- Valorar a solución dialogada, desenvolvendo actitudes de paz, colaboración, resolución pacífica de situación e non competitividade.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


## Competencia cultural e artística *( Intelixencia espacial, pictórica e musical)*

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, polo que a escola tentará estar aberta a todas elas.

Fomentaremos unha actitude aberta , respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais. A observación e análise de obras de arte e o traballo cos elementos que configuran a linguaxe plástica, a escoita de audicións e cancións, a exploración das posibilidades do son permitirán potenciar a creatividade e a valoración da cultura coma un ben de todos.

- Utilizar a linguaxe plástica para expresar diferentes aspectos da realidade vivida ou imaxinada.
- Coñecer e utilizar algunhas técnicas plásticas que lle permitan representar ou recrear producións propias e de autores diversos.
- Empezar a apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
- Desfrutar, con seguridade, nas realizacións que impliquen variables espaciais e/ou artísticas.
- Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual… para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu medio.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- Participar en actividades musicais de canto, audición, danza…
- Recoñecer e utilizar instrumentos de pequena percusión para o acompañamento de melodías sinxelas.
- Aprender a utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.

- **Competencia en autonomía e iniciativa persoal** ***(Intelixencia cinestésica- corporal, intelixencia intrapersoal)***

Para que o alumnado adquira conciencia dun conxunto de valores e actitudes como responsabilidade, perseveranza, autocoñecemento e autoestima, creatividade, autocrítica control emocional… permitirémoslles imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

O coñecemento do seu corpo, coas súas posibilidades e limitacións, axuda aos nenos e nenas a abordar novas tarefas e iniciativas, a tomar as súas propias decisións e a progresar nas capacidades relacionadas coa conquista da súa autonomía. No seu desenvolvemento emocional, a construción do autoconcepto e a autoestima permitirá aos nenos ser competentes para manifestar e asumir o afecto das persoas que lle rodean, de interesarse polos seus problemas ou de contribuír á súa felicidade.

Buscarase o progreso en:

- Coñecer e controlar o seu corpo regulando a actuación persoal en diferentes situacións e actividades.
- Desenvolver a capacidade de expresar co corpo de forma persoal e creativa distintas situacións.
- Progresar no desenvolvemento de hábitos de hixiene, de fortalecemento e

coidado da saúde, e de seguridade.

- Manifestar afecto cara aos demais e aceptar as manifestacións de cariño das persoas que o rodean.
- Desenvolver as capacidades perceptivas a través da utilización dos sentidos, a observación e a experimentación
- Aprender a esforzarse máis cando non conseguiu algo que podería lograr cun pouco máis de empeño.
- Aceptar que non sempre pode ter ou facer o que quere, contribuíndo, desde o respecto, a unha convivencia adecuada en situacións de xogo.
- Desenvolver unha autoestima positiva solucionando situación problemáticas con estratexias decididas por el@s mesm@s e que dean os resultados desexados.
- Desenvolver a confianza en si mesm@ e unha autonomía progresiva na xestión de situación problemáticas por medio da toma de decisión.
- Expresar libremente os desexos, emocións, temores, sentimentos.
- Identificar as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais.

### Competencia para aprender a aprender *(non específica)*

Contribuirase á adquisición da conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que sabe e do que é necesario aprender.

A construción dos propios coñecementos partindo de experiencias permiten ao neno ser protagonista da súa aprendizaxe. Despois poderá empregar eses coñecementos na resolución de situacións de acotío. Contribuirase á mellora da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros de aprendizaxes, traballo cooperativo e por

proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización das tarefas a realizar:

- Resolvendo con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle presentan na súa vida cotiá.
- Sentindo o desexo e a curiosidade por aprender.
- Empezando a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- Aprendendo a pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
- Construíndo as aprendizaxes, baseándose no que xa sabe para aprender cousas novas.
- Sabendo aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- Desenvolvendo estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, da concentración, da memorización e da resolución de problemas.
- Observando, explorando e manipulando obxectos.
- Aprendendo a aprender gozando.
- Traballando en grupo e comezando a respectar normas básicas sobre o traballo.
- Utilizando os recursos e materiais de forma axeitada

# 5. AVALIACIÓN

## 5.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación na etapa de educación infantil, tal e como se recolle no Decreto 330/2009, constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado co que se

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


pretende obter os datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

A avaliación será ***global***, en canto que deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado.

Do mesmo xeito, tamén será ***continua***, pois considerarase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal debemos recoller de forma continuada a información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

Terá, en consecuencia, un carácter ***formativo***, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da nosa intervención educativa.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, as competencias básicas, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos.

A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaranse os progresos e os logros dos alumn@ nas distintas áreas e as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Así mesmo, incluirase a avaliación da nosa práctica educativa co fin de adecuala ás necesidades do noso alumnado. Debemos reflexionar sobre a nosa programación, sobre os obxectivos e contidos propostos, a adecuación ao alumnado e momento, sobre o clima no que levamos a cabo a nosa práctica,… O resultado desta avaliación será a realización dos axustes precisos para lograr unha maior e mellor calidade no noso traballo cotiá na aula.

O proceso será o que segue:

## AVALIACIÓN INICIAL :

Inclúe, para @s **alumn@s de nova escolarización**

- Unha avaliación do período de adaptación e unha vez "superado" este. Ver ANEXO 1
- Unha avaliación inicial coas primeiras constatacións das características, capacidades e bagaxe individual. Ver ANEXO 1
- Neste momento, incluímos tamén a entrevista inicial ás familias na que aportan información sobre cada un/unha dos alumn@s. Ver ANEXO 1

Esta avaliación inicial ten suma importancia, xa que dará as pautas para a elaboración dunha programación real e adaptada ás necesidades do grupo-clase, segundo as súas características como tal e individuais.

## A AVALIACIÓN CONTÍNUA, FORMATIVA:

O acompañamento nos ambientes de aprendizaxe favorece a **observación directa e sistemática** resultando a máis apropiada para esta etapa educativa, xa que nos permite realizar un seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a nosa intervención educativa en función dos datos obtidos. Esta observación plasmarase en cuestionarios e escalas nas que de maneira obxectiva se observen os datos; Outros instrumentos serán :

- As entrevistas coas familias: tanto a nivel colectivo como individual para o intercambio de información e coordinación.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



- Observación en distintas situacións fora da aula (patio, outras materias con profesorado diferente, actividades colectivas...) situacións de xogo...

- As producións dos nen@s.

- Rexistros de incidencias nos que se reflexen cuestións chamativas na conducta de algún alumn@ en particular que sexa de interese para a nosa intervención ou información á familia.

- Diarios de aula que tamén nos servirán para recoller de maneira organizada información individual e do grupo-clase sobre o proceso, proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumn@ e co grupo.

- Fomentaremos tamén que os propios alumn@s teñan estratexias de autocontrol e autoavaliación a partir da análise dos resultados dos obxectivos presentados de cada proposta de traballo.

**A INFORMACIÓN** sobre a evolución ás familias de cada alumn@ farase en tres momentos ao longo do curso escolar, coincidindo cos tres trimestres. Nela plasmaranse as aprendizaxes referidas ás capacidades que se desenvolveron, así como as medidas de reforzo que se realizarán, de ser preciso. Darase unha visión xeral do progreso individual en relación aos obxectivos propostos e traballados nos diferentes proxectos.

A avaliación será **INDIVIDUALIZADA**, tendo en conta o punto de partida de cada alumn@ (momento evolutivo, participación nas propostas didácticas, actuacións

desenvolvidas pola da titora/ mestre... ) Farase un esforzo especial en que as familias comprendan esta cuestión, sendo partícipes tamén desta valoración.

Farase unha **AVALIACIÓN DE TODOS OS ELEMENTOS** que se relacionan no programa (feed-back). Para facilitar unha reflexión máis sistemática poderase, ademais de atender ás observacións e cantidade de axustes que haxa que facer, utilizar instrumentos de recollida de información que axudarán a reflexionar sobre a oportunidade das decisións que se foron tomando en relación a todos os elementos da programación e o desenvolvemento da mesma, e por tanto a conveniencia e necesidade de variar determinados elementos co fin de mellorar a nosa práctica docente.

- **AVALIACIÓN FINAL:**

De nivel, no que valoraremos o logro das competencias básicas. Terá o seu reflexo no expediente persoal de cada alumn@.

Nesta avaliación final, analizaranse de xeito global os resultados obtidos e todos os elementos da propia programación e do proceso: desenvolvemento dos proxectos, optimización dos recursos, aproveitamento das actividades, organización dos espazos e materiais, relacións establecidas coas familias e no centro... , de cara a constatar os logros e facer as variacións e melloras oportunas para o vindeiro curso.

### 5.2 Criterios de cualificación.

Seguindo o *Decreto/2009 do 4 de xuño e a Orde do 5 de maio de 1993, sobre a avaliación en Educación Infantil, na Comunidade Autónoma de Galicia*, a valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


efectuados polos nenos/as e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias ou titores legais co obxectivo de facelos copartícipes do proceso educativo dos seus fillos/as.

No segundo ciclo da educación infantil cubrirase electrónicamente os documentos oficiais de avaliación, a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático **XADE**.

A avaliación continua realizarase a partir de indicadores observables específicos da distintas áreas usando a escala de valoración: **CON DIFICULTADE, SEN DIFICULTADE, EN PROCESO.**

Ademais entrégase un informe trimestral ás familias que incluirá información do desenvolvemento do trimestre.

Ao remate do ciclo recollerase o grado de consecución dos obxectivos establecidos, así coma as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

Así mesmo, farase constar os aspectos máis salientables do seu progreso e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que adoptasen.

## 6. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Un modelo de ensinanza inclusiva debe, necesariamente, prestar atención á diversidade do alumnado. Cada alumno/a é distinto dos demais: os seus coñecementos, ideas e crenzas previos son distintos; tamén as súas capacidades, os

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Considerando imprescindible a atención a diversidade na nosa labor docente si realmente pretendemos aprendizaxes significativas.

## 6.1 As necesidades educativas específicas de apoio educativo

Refírense ó conxunto de medios (profesionais, materiais, de atención ó entorno, de instalación...) que é preciso instrumentalizar para á educación dos alumnos/as que por diferentes razóns alumnos/as estranxeiros, superdotados intelectualmente, deficiencias sensoriais, deficiencias motrices, …) temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara autonomía persoal e a integración social cos medios que habitualmente están a súa disposición na escola. É labor da mestra, das familias, dos distintos sectores educativos crear un ambiente que permita romper definitivamente as fronteiras e logre a plena integración.

A LOE adopta o termo xenérico de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e baixo el inclúense 3 novos agrupamentos: alumnado con altas capacidades intelectuais, nenos de incorporación tardía ao sistema educativo e alumnado con necesidades educativas especiais.

Polo tanto, a atención á diversidade, non só se dirixe aos alumn@s que mostran dificultades salientables de aprendizaxe, senón tamén aos que teñan diferentes estilos de aprendizaxe ou distintos niveis de maduración.

Outro elemento ao que fai referencia a lei é a Equidade, dándolle a cada alumno o que precisa para lograr os obxectivos marcados, é dicir, suplir calquera circunstancia que poida marcar unha diferenza con respecto aos outros, diferenzas persoais, sociais ou culturais. O que se pretende con isto é a integración total do alumnado, a igualdade, referíndose tanto a igualdade de oportunidades coma a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Partindo destas premisas, levarase a cabo **estratexias** do tipo:

- Propoñer actividades con diversos graos de dificultade na realización.
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Actividades abertas, que conleven acción e construción de pensamento.
- Formar diferentes agrupamentos, con alumnado de distintas características e estilos cognitivos, intentando aportar maior riqueza ao grupo.
- Actividades funcionais con aplicación na vida diaria.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.

Axeitar a duración e tipo de actividades aos ritmos persoais do alumnado, aumentando, nalgúns casos o tempo de espera para dar tempo suficiente á resposta que se lle pide.

- Usar sinais visuais: fotografías, debuxos, gráficos, símbolos … que acompañen a linguaxe verbal e que axuden a localizar o espazo e o tempo en que se realiza cada actividade.
- Programar actividades sinxelas, que teñan os pasos e secuencias suficientes para que se adapten aos distintos niveis de coñecementos.
- Unha maior presenza física nos casos e momentos necesarios, permanecendo ao carón d@s alumn@s se o precisan mentres realiza a tarefa, aportando seguridade, pero tamén animándoos a lograr cada vez un maior nivel de autonomía.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- Dar instrucións claras e concisas asegurándonos de que comprenderon ben o que se lles pide en cada momento (utilización de distintos linguaxes e apoios para este fin),

- Reforzo social, reforzo positivo, buscando que cada quen estea cómod@ e segur@ dentro do grupo, considerándose importante e capaz.

- Buscar e utilizar o maior e mellor tipo de recursos posible que favoreza un traballo rico e estimulador.

- Establecendo un bo nivel de comunicación, amplo e efectivo coas familias de todos e cada un dos nenos e nenas da titoría, de cara a avanzar xunt@s na labor educativa que temos en común.

Traballarase en colaboración e coordinación co Departamento de Orientación :

- Na observación e diagnóstico do alumnado en relación á presencia de dificultades expresivas (fonéticas e de construción): profesora de AL

- Desenvolvemento de programas de prevención e estimulación oral (expresión verbal ) colectiva e individual dentro da aula, coa colaboración directa da profesora especialista de audición e linguaxe na subministración de recursos para o desenvolvemento de actividades de expresión (dada a súa imposibilidade de intervención directa ). Programaranse dúas sesións específicas semanais para este fin co apoio da profesora de apoio de Educación Infantil.

## 7. METODOLOXÍA

Consideramos que o traballo por ambientes de aprendizaxe é o modelo educativo máis axeitado para o noso alumnado, permitíndolle un gran autonomía do alumnado

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


para a toma de decisións que ten lugar no seu proceso de aprendizaxe e a súa vez posibilitan un contexto cheo de estímulos para a creación de novas relacións sociais.

Levamos a cabo agrupamentos mixtos onde nenas e nenos están agrupados por idades heteroxéneas.

Os principios metodolóxicos clave do traballo por ambientes resúmense en:

1. **As nenas e nenos constrúen a súa propia aprendizaxe.**

   Cada nena e neno posúe o seu propio nivel, uns intereses e perspectivas diferentes polo que é comprensible que sexa o propio alumno e alumna quen estableza a súa progresión pedagóxica e vaia construíndo a súa aprendizaxe tendo en conta as súas posibilidades.

   O alumnado é o centro do proceso educativo e dáselle autonomía e liberdade para que vaia construíndo a súa aprendizaxe. Polo que usaremos a non directividade, creamos ambientes nos que se lle permite moverse libremente, tomando as súas propias decisións e resolvendo por si mesmos os problemas que se lles plantexan.

2. **O profesorado adquire un rol de guía e mediador do proceso de aprendizaxe.**

   Tendo en conta o principio anterior, o noso papel terá que ser o de facilitadoras e acompañando esa aprendizaxe.

3. **Favorece a motivación intrínseca e extrínseca das nenas e nenos.**

   Nos ambientes de aprendizaxe dámolle ao alumnado a posibilidade de elección das tarefas e actividades que realiza, controlar o tempo o espazo e organizarse como queiran, o que aumenta a autonomía das nenas e nenos.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Esta motivación intrínseca estimúlase de maneira moi importante con esta metodoloxía. Pero ademais esta motivación intrínseca tamén inflúe no alumnado e no proceso de ensino-aprendizaxe da motivación extrínseca, onde as mestras temos un papel fundamental. Neste senso as docentes convertémonos nun axente motivador.

**4. Potencia as relacións interpersoais.**

Nos ambientes de aprendizaxe, as relacións entre as nenas teñen un papel significativo, tanto desde o punto de vista de como estas relacións inflúen na aprendizaxe, como na calidade e evolución destas relacións de grupo.

**5. Utiliza o xogo como recurso didáctico.**

O xogo como metodoloxía lúdica**,** mediante o xogo o neno/a desenvolve a súa capacidade intelectual, investiga, descubre, discrimina, vivencia, elabora, supera os seus conflitos emocionais, incorpora e asume a cultura do grupo o que pertence

**6. Plántea a organización dos espazos e materiais como principal estratexia didáctica.**

Para que se poida desenvolver a aprendizaxe é fundamental, sentirse ben cun mesmo e cunha mesma, coas demais persoas e un espazo amable.

A escola é un espazo para o encontro cun/ha mesmx e coas demais persoas, por iso é importante que o alumnado dispoña de tempos e espazos para o recollemento e para o encontro co resto do grupo. Débense proporcionar, tamén, tempos e espazos para a participación de toda a comunidade educativa na que destaca o papel das familias xa que consideramos relevante que familia e escola vaian da man.

Para desenvolver a programación tamén tomamos en consideración as orientacións metodolóxicas recollidas no *Decreto 330/2009* e os principios da concepción construtivista da aprendizaxe.

- **METODOLOXÍA ESPECÍFICA**

Partiremos dos coñecementos previos dos nenos/as para que a aprendizaxe sexa ***significativa,*** e dicir, trataremos de que o neno/a partindo do seu propio coñecemento poida construír e ampliar os coñecementos con contidos que se adapten a súa estrutura mental. Ordenamos e secuenciamos os contidos para darlle coherencia e ***significatividade lóxica*** a programación. Por iso na programación hai sempre un fío condutor, un andamiaxe que lle permite o neno/a ir avanzando progresivamente. A aprendizaxe, é tamén un proceso social polo que teremos en conta a ***zona de desenvolvemento próximo*** de Vigotsky a hora de organizar os grupos, pois entendemos que a interacción entre os nenos/as pode favorecer a aprendizaxe. Seguiremos o ***principio da globalización***, os nenos e nenas a estas idades teñen unha visión global do mundo, non dividido en compartimentos estancos. O principio de globalización supón que aprender esixe establecer conexións entre o novo e o xa coñecido, experimentado ou vivido. Por iso presentaremos os contidos relativos ás distintas áreas de xeito dinámico e interrelacionado, así como poñer en conexión as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas. As propostas didácticas terán como punto de partida situación globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións

sociais, problemas de calquera tipo …nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes areas.

. Será unha **metodoloxía activa e participativa**, procurando que os nenos/as participen activamente nas actividades: observando, experimentando, creando, imaxinando...buscando

Destacar tamén o **campo afectivo**, partindo de que, nestas idades, este ámbito é fundamental, tentarase establecer na aula un clima cálido e tranquilo, de respecto mutuo e relacións persoais acolledoras con cada un dos nenos e nenas, onde se sintan queridos e valorados, para desenvolver a autoestima, a valoración positiva e a confianza en si mesm@s.

Neste sentido a utilización do **reforzo positivo** primará na dinámica cotiá, dentro dun entorno seguro, con límites claros para o conxunto do grupo e a nivel individual. Momentos de repouso e reflexión sobre o propio comportamento, tamén conformarán a convivencia diaria. Buscarase unha comprensión e adestramento en habilidades sociais e de convivencia que faciliten a mesma ao longo da xornada e vaian facilitando a descentración e o proceso de socialización.

A **Intuición,** como medio imprescindible para favorecer a representación mental: observación directa/indirecta, manipulación e experimentación dos obxectos e da realidade posibilitarán o mellor coñecemento da mesma, das súas posibilidades e o desenvolvemento sensorial.

Aprendizaxe significativa e construtiva da linguaxe escrita. **Linguaxe escrita funcional** e comunicativa.

**Aprendizaxe funcional e construtiva das matemáticas**: traballo sensorial e manipulativo. Utilización de materias non estruturados e estruturados, para partindo da

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


manipulación chegar ao razoamento e representación. Aproveitamento nas actividades cotiás para traballo da dimensión matemática.

Desenvolveranse propostas nos diferentes ambientes de aprendizaxe e proxectos globalizados que respondan aos intereses das nenas e nenos, que teñan sentido, organizados en secuencias de aprendizaxe, e que os impliquen activamente e desenvolvan todas as súas dimensións.

A continuación exponse a organización temporal, a estruturación espacial, propostas e organización dos grupos.

- **ORGANIZACIÓN DO ESPAZO**

Entender a metodoloxía nos termos expresados anteriormente vai a condicionar, sen dúbida, a distribución do espazo e do tempo.

As aulas están organizadas en ambientes preparados para un determinado tipo de propostas educativas, en cada espazo desenvolveranse actividades específicas e cada aula contará con microespazos ou recunchos preparados para un determinado tipo de propostas educativas e onde se xeren experiencias de aprendizaxe significativa.

A continuación faise unha presentación dos diferentes ambientes e unha breve descrición do traballo realizado en cada un deles.

- ***AULA LABORATORIO***

***AMBIENTE ARTÍSTICO***

Pensado para fomentar a creación artística.

Preséntase como un espazo de múltiples recreacións artísticas, con diversos materiais e con moitas propostas: pintura, debuxo, escultura, modelado, manualidades…Trataremos de ensinarlles diferentes técnicas e que coñezan algúns autores representativ@s en diversas modalidades artísticas e algunhas das súas obras.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


***AMBIENTE CIENTÍFICO E SENSORIAL***

Ten como principal obxectivo que @s alumn@s se inicien no razoamento e na creación de hipóteses a través da observación e a investigación.

Poden presentarse propostas tales como investigar que elementos son flotantes e cales non, investigar con funís e materiais como auga, area e calquera outro material dos que hai presentes na natureza, traballar con mesturas, experimentar con imáns, lupas, xogos de luces, tocar, ulir, clasificar, ordenar, etc. Xogos para desenvolver os sentidos como diferenciar o tacto os sabores. E todos os experimentos que se vaian propoñendo.

Na mesma aula tamén contamos con varias mesas de luz e diferentes materiais atractivos ao tacto, olfacto e ao oído en xeral esta zona é un espazo creado para estimular os diferentes sentidos.

Noutra parte da aula está un espazo amplo con mesas e cadeiras onde desenvolveremos algúns dos Proxectos.

- ***AULA OBRADOIRO***

***AMBIENTE DE CONSTRUCCIÓNS***

Conta con diferentes opcións de materiais e de formas para que @s alumn@s podan facer construcións libres ou seguindo patróns. Terán que poñer en práctica nocións matemáticas de medida, formas xeométricas, simetría, equilibrio…

***LÓXICO-MATEMÁTICA***

Ambiente creado para fomentar as habilidades e capacidades na linguaxe matemática a través de xogos de mesa, de quebracabezas, de figuras xeométricas planas i en volume, de traballo numérico e de cantidade. Será un espazo onde a linguaxe matemática aprenderase de xeito activa e vivencial.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


Introduciremos a metodoloxía ABN, traballaranse os conceptos mediante a perspectiva manipulativa e con total ausencia de representación abstracta, ata que o alumnado comprenda o que está manexando e sexa capaz de entender que significa unha equivalencia representada mediante un símbolo ou obxecto. E neste momento cando empezamos a escalar contidos gradualmente máis complexos e entre eles o traballo abstracto.

A secuencia sería: 1º Manipulación con obxectos concretos e contables,

2º traslado da manipulación ao mundo da abstracción mediante representacións numéricas ou simbólicas e 3º manipulación en abstracto con números e símbolos.

### *AULA TEATRO*

### *AMBIENTE DE XOGO SIMBÓLICO*

Neste espazo o alumnado pode seguir desenvolvéndose a nivel madurativo e relacional a través do xogo simbólico, nel os nenos/as canalizan tensións e desexos afectivos, solucionan conflitos, imitan os adultos. Contan cunha enfermería, cociña, espazo para bonecas, perruquería..., alfombra onde xogan con coches e outros medios de transporte, animais de granxa e selva, banco de carpintería…

### *BIBLIOTECA*

Cumpre a función de fomentar no alumnado o gusto e interese pola lectura, tratamos que fose un recuncho acolledor, agradable e onde todo material de lectura está o seu alcance.

### *LETROTECA*

Lugar reservado na aula con mesas, cadeiras e andeis onde o material está o alcance en todo momento, sen ter a necesidade de recorrer as mestras para

coller o que precisan. Este material é variado do tipo de (letras imantadas, encerado magnético, letras de madeira, tarxetas de letras, sílabas e palabras, láminas, abecedarios, puzzles…) @s nen@s traballarán a lectura e escritura desde un punto de vista funcional.

***ARTE DRAMÁTICO I EXPRESIÓN CORPORAL***

Cas propostas para este espazo descubrirán as posibilidades expresivas do seu corpo para expresar sentimentos e emocións así como potenciar a imaxinación, invención, transformación... a través desta linguaxe artística para desenvolver a súa creatividade.

Desenvolverase na zona de alfombra e no espazo reservado para o guiñol.

***AMBIENTE EXTERIOR***

Incorporaramos o espazo exterior como un lugar educativo que nos ofrece múltiples opcións para a aprendizaxe significativa.

Usaremos **"O Pendello"** deseñado para ofrecer múltiples oportunidades de investigación, experimentación, descubrimento e aprendizaxe.

No noso patio contamos con varias zonas onde desenvolver diferentes actividades como : zonas con area, terra, zonas verdes, horta, xardín, zona arborada, parque...

**Escola No Bosque**

https://www.slideshare.net/cursobarouta/ei-ceip-de-barouta-escola-no-bosque

Todos os espazos serán flexibles, os elementos da aula estarán colocados en función das actividades de ensino-aprendizaxe. A organización do mobiliario permite pasar do traballo individual o de grupo sen moitas dificultades. A sistematización na utilización do espazo permite os nenos/as saber que tipo de

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


traballo se fai en cada espazo. As aulas compren os requisitos mínimos do O *Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro* .

### ➢ ORGANIZACIÓN DO TEMPO

Empregaremos un sistema rotatorio para circular polos distintos espazos. Cada titoría pasará por un ambiente cada 2 días.

Os tempos serán flexibles en cada un dos ambientes respectando os ritmos individuais.

**Rutinas diarias**

- ***PERÍODO DE ENTRADA***: ao chegar deixan as chaquetas e mochilas no seu lugar e poñen as zapatillas, logo cada grupo vai ao ambiente que lle corresponda.
- ***FALADOIROS:*** Cada aula conta cun espazo (ZONA DE ALFOMBRA) de posta en común. Vai a ser un dos momentos nos que priman as relacións e para desenvolver actividades propias da entrada e do recibimento do grupo; Este período é moi importante pola cantidade de hábitos e rutinas que se traballan nel. Nun primeiro momento faremos un repaso das normas de prevención COVID 19 a continuación na asemblea diaria revisamos, os nenos/as interveñen libremente contestando as preguntas que fan e respectando a quenda de palabra, será o momento no que os alumn@s poderán contarnos cousas interesantes ou significativas para eles, planificación colectiva coa mestra do traballo que van facer durante a xornada nos diferentes ambientes, actividades de reflexión, recompilación… Será neste momento no que se presenten as propostas ou retos que teñen que desenvolver ao longo da mañá.
- ***MICROESPAZOS OU RECUNCHOS:*** circularán libremente polos microespazos dos diferentes ambientes, segundo os seus intereses.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- ***A MERENDA***: realizarase antes de saír ao patio, bo momento para traballar os hábitos de hixiene e saúde, así como os de autonomía persoal. Todos temos que lavar as mans, coller o noso tapete individual e a merenda. Ó remate da mesma hai que recoller todo o lixo e clasificalo para botalo nos tres colectores que temos: amarelo (plásticos), azul (papel) verde (todo o demais) branco (material relacionado coa covid). Preparámonos para ir ó patio (poñemos chaquetas e botas se o necesitan.).

- ***TEMPO DE LECER***: neste momento os nenos e nenas xogarán libremente e de forma espontánea. Normalmente non hai ningunha proposta de xogo, xogan libremente. Nos días no que o tempo o permita alongarase este momento realizándose actividades máis guiadas ou saídas no entorno próximo ao colexio. As observacións que se realizan neste período ofrecen unha valiosa información que permiten coñecer mellor a personalidade do neno/a, e sobre todo a súa interacción social cos iguais.

- ***SESIÓN DE CONTACONTOS***: logo de vir do patio, se temos o tempo dispoñible (sen especialidades), contaremos un conto.

- ***RECOLLIDA e DESPEDIDA***: antes de saír temos que deixar cada cousa no seu lugar, así traballaremos o hábito da orde. Hai que procurar que non sexan momentos de présa, polo que ten que haber tempo suficiente. Ao rematar collerán chaquetas e mochilas, repartimos as axendas e despedirnos.

### ➢ ACTIVIDADES

- As **propostas de traballo que se desenvolven nos diferentes ambientes** están deseñadas para cada microambiente. O profesorado recollerá estas dándolles forma, preparándoas, adecuándoas e ofrecéndolle ao alumnado a posibilidade de levalas a cabo nos diferentes ambientes, serán variadas e

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


motivadoras e respectarán os ritmos individuais das nenas e nenos, tamén intentaremos que xurdan do alumnado, xa que así serán máis gratificantes. Dentro das propostas haberá varias modalidades: ver modelos de propostas ANEXO 1

En tódolos ambientes terán cabida e se desenvolverán:

- **Actividades artísticas**, xorden da necesidade de crear, construír. Elaboramos as nosas creacións con diferentes técnicas (pintura, modelaxe, estampado...decorados, maquetas...).
- **Actividades científicas e novas tecnoloxías**, trátase de experimentar, isto permítenos crear situacións para resolver dúbidas, validar hipóteses, procurar información na rede, etc.
- **Actividades sociodramáticas e de expresión oral**, permítennos vivir o que imos aprendendo, expresar sentimentos, emocións…
- **Actividades de lecto-escritura**, trátase de facer ver a lectura e escritura desde un punto de vista funcional. Habilitamos espazos ou recunchos ben delimitados e sinalizados para levar a cabo cada unha delas. Deberemos contar con espazos para o traballo individual, para o xogo, para tarefas compartidas que se aproximen tamén dalgún xeito á realidade. Tamén debemos contar con materiais adecuados para levar a cabo as propostas, este material será variado e motivador.
- **Actividades de lóxico-matemática,** faranse actividades de pensamento lóxico-matemático para aprender a resolución de problemas e cálculos matemáticos.
- **Actividades en contacto coa natureza.**

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- **Actividades psicomotrices.**

Ao longo do curso poderá xurdir algún **proxectos de investigación.** Os nenos e nenas aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade, elixírono eles/as e vano relacionando co que saben. É ademais unha aprendizaxe compartida e cooperativa, planifican a súa acción, definen o que queren facer, comparten os seus intereses coas súas familias e deste xeito prodúcese unha comunicación familia escola moi importante.

## ➢ AGRUPAMENTOS

En canto aos diferentes agrupamentos (respectando sempre o recollido no PLAN DE no momento de desenvolver algún proxecto ou proposta concreta, proporemos actividades individuais, colectivas e en pequenos grupos, creando entre todos unhas pautas de comportamento que faciliten a convivencia e a integración no grupo.

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, e lograr que os obxectivos e competencias básicas que nos propoñemos se leven a cabo, organizaremos diversas formas de agrupamento, contemplando as potencialidades de cada un.

**Grupo completo:** Xa que a colaboración e o traballo cooperativo favorecen que as aprendizaxes sexan máis enriquecedoras, creando un clima onde exista a cooperación e a distribución de responsabilidades, entendendo distintos puntos de vista, sendo capaces de tomar decisións conxuntas e superando os conflitos. Realizando actividades que fomenten a interacción entre eles, a través da explicación de tarefas, xogos, presentación de modelos e tempos dedicados aos faladoiros para mellorar a expresión oral.

**Pequeno grupo:** para favorecer a interacción cooperativa, a través do xogo ou actividades con grupos máis pequenos, onde realizaremos tarefas máis concretas e

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


estruturadas de tal xeito que poidamos prestar axudas axeitadas a cada grupo de nenos/as ou parellas, segundo o grao de realización da tarefa. A organización por parellas acostuma ser moi rendible polo grao de implicación que comporta, polo que a levaremos a cabo na titoría entre iguais, entre outras.

**Actividades individuais:** trátase dunha metodoloxía que nos vai permitir que o alumnado se responsabilice das súas propias actividades, así como para lograr a interacción máis específica entre o neno/a e a nosa labor educativa, ao tempo que trataremos de promover estratexias de planificación de acción, para desenvolver neles unha certa autonomía e autoxestión.

**Agrupamentos de nivel:** cara finais de curso, co fin de facer cohesión de grupo do alumnado de 6º que promociona para 1º primaria, realizaremos algúns talleres agrupando por niveis. Este curso pola situación COVID 19 non poderemos levalo a cabo.

Estas actividades ou tarefas poderán realizarse de **forma individual**, en **pequenos grupos** ou co **grupo clase**, e sempre respectarán o carácter globalizador coas tres áreas de E. Infantil e coa educación en valores.

Con esta metodoloxía son cada vez máis autónomos e máis protagonistas do seu propio proceso ensino/aprendizaxe. Téñense en conta os intereses do alumnado, á vez que se abren e xeran novas inquietudes con respecto ao mundo que lles rodea. Non se pode falar de erros ou fracaso, os erros axúdannos a medrar, son o camiño para atopar a vía correcta. Ademais, como equipo cremos que a nosa labor como docentes vese enriquecida, permítenos medrar cos nenos/as e coas familias. Imos pasar dunha programación ríxida, con obxectivos, contidos e actividades claras, temporizadas e programadas polo adulto, a un método no que imos construíndo todas xuntas e

acompañándoas na súa aprendizaxe, e que pode ir modificándose en función dos grupos, das achegas do alumnado, das familias, etc.

## 8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Os materiais curriculares cos que traballamos axéitanse ás características e necesidades específicas do noso alumnado. Traballando con propotas, invitacións, presentacións... elaboradas polas mestras.

Dentro dos recursos que se van utilizar no desenvolvemento e aplicación desta proposta queremos destacar os seguintes:

***Materiais***:

En cada ambiente atoparemos materiais diferentes, xa que están relacionados co ámbito específico, sendo este espazo e materiais os que invitan aos nen@s a Interactuar e é o xogo e a exploración libre a que toma protagonismo.

**Materiais non estructurados**: produtos naturais (rochas, plantas, animais, etc.).

Materiais de refugallo, elementos do ámbito: zonas naturais, edificios, obras artísticas..

**Materiais elaborados**: material funxible, utensilios (tesoiras,punzóns..)maquetas, modelos, xogos didácticos.

**Recursos impresos**. Libros informativos, libros de contos, libros de consulta, murais, láminas xornais, revistas, fichas de rexistro, guías...

- Audiovisuais: reprodutor CD, vídeo, TV, CD, encerado dixital.
- Informáticos: ordenador, xogos didácticos electrónicos...
- Mesas de luz, area, caixas sensoriais...

***Humanos***: comunidade educativa, familia e entorno inmediato.

Temos que ter en conta ademais que será necesario establecer unha estreita **colaboración coas familias** para traballar xuntas nunha liña común e coherente, a través da entrevista de inicio de curso, reunión xeral de ciclo e particular de aula, horas de titoría e as informacións que consideremos necesarias a través de notas informativas, aproveitando os momentos de entrada e saídas; ou na realización de talleres nos que as familias participen.

## 9. EDUCACIÓN EN VALORES

Estes contidos traballaranse como eixes transversais, tal como se esixe no *Decreto 374/1996 do 17 de outubro* polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e os Colexios de Educación Primaria. Serán polo tanto contidos de gran relevancia social e gran compoñente actitudinal que como o seu nome indica tratarán problemáticas actuais, valores e normas.

Os valores ou eixes transversais que se traballarán ao longo desta programación serán: Educación para a paz, educación para a saúde, educación para a igualdade entre sexos, educación ambiental, educación viaria e educación do consumidor. Estes contidos traballaranse ás veces en forma de actividades concretas dentro dos proxectos, pero sobre todo aparecerán reflectidos de xeito global en todos e cada un dos aspectos que compoñen o proceso de ensino-aprendizaxe.

En relación a esta cuestión é necesario ter en conta que as emocións son experiencias subxectivas, moi complexas e con múltiples compoñentes , e que neste sentido cada nen@ é únic@, de igual modo que no resto das dimensións da súa persoa. Tamén que estamos traballando con idades nas que o comportamento ten un carácter predominantemente afectivo.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


É a nosa función axudar a cada un/unha a lograr un desenvolvemento persoal que favoreza a conciencia e estabilidade emocional, así como iniciar o desenvolvemento da conducta moral autónoma.

Partimos da consideración de que, como docentes, contribuiremos a unha educación emocional positiva:

- Aportando seguridade, confianza, empatía e límites de forma efectiva.
- Escoitando con afectividade e empatía.
- Axudando a relacionar as interaccións causa-efecto.
- Utilizando a linguaxe oral e xestual para responder con coherencia ás súas mensaxes.
- Amosando a vinculación de ideas emocionais con persoas, animais e obxectos.
- Observando diante de que tipo de manifestacións sente incomodidade. Axudando a que o manifeste.
- Animando a falar sobre o que sinte, o que necesita. Axudándolle a ser quen de manifestar as súas necesidades.
- Ofrecendo canles positivas para a manifestación das emocións fortes (tristeza, rabia, celos, agresividade..) axudándo@s a retomar o control.
- Buscando unha cohesión do grupo-clase, como lugar de cooperación e apoio para a expresión e regulación do comportamento e as emocións.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- Fomentando o respecto polos demais, os iguais, a diferencia e os adultos.
- Creando na aula momentos de expresión e expansión para as emocións.
- Propiciando un ambiente cálido e seguro, no que se poidan expresar.
- Mantendo límites claros, coñecidos e consensuados de comportamento na aula e cos demais de cara a aportar seguridade.
- Ofertando **ACTIVIDADES e RECURSOS** que axuden a canalizar emocións e respostas afectivas positivas. Do tipo:
  - Xogo simbólico (espazo para liberar e expresar experiencias, temores e ilusións...)
  - Actividades e xogos cooperativos no que a aportación de cada que é fundamenta. Tod@s somos importantes e necesai@s.
  - Contos, dramatizacións, xogo corporal e expresivo , co que canalizar medos e outras emocións que crean inseguridade e malestar.
  - Construíndo e propiciando recunchos e materiais que aporten seguridade e colaboración. Sentimento de apoio por parte dos iguais e adulto.
  - Momentos para falar das emocións que provocan en nós distintas experiencias e situacións vividas ou que van vir.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- Actividades colectivas que nos fan sentir orgullosos e alegres polos logros e progresos obtidos. Cohesión de grupo.
- Espazos e momentos de resolución positiva de conflitos, nos que se facilite o diálogo, a desculpa e o encontro persoal.
- Espazos e momentos de lograr regular os impulsos negativos, facelos aflorar e reconducilos cara unha conducta positiva e de maior autocontrol.
- Obradoiros colectivos sobre distintos temas, que propicien e avancen na xestión cooperativa.

## 10. CONCRECIÓN DO PROXECTO LECTOR

En consonancia coa PXA, esta programación, contempla as actuacións destinadas ao fomento da lectura, escritura e as habilidades informativas, contribuíndo especialmente ao desenvolvemento da competencia lingüística. Desde a perspectiva constructivista (premisa de esta programación) e funcional da lectoescrita, é un obxectivo destacado o acercamento dos nenos e nenas de maneira natural ao mundo da lectura. Co obxectivo de que ler sexa un proceso único, ligado a un porqué, ilusiónante, máxico... Estas actividades, e por tanto o fomento da lectura ocupa un lugar destacado na **AULA TEATRO**:

- Na distribución espacial: a **biblioteca** atopámola como un espazo importante con diversidade de textos (non só literarios), o ordenador e múltiples xogos para exercitar o proceso lector.
- Fomentando un coñecemento dos libros: formato e contido e un trato coidadoso como ben colectivo e fonte de información e/ou pracer.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- Nos tempos dedicados a ler, que son todos de maneira significativa con cada texto que precisemos descifrar (fichas de traballo, instrucións dun xogo, notas informativas, libreta viaxeira...) e únicos e especiais a diario (" hora do conto")
- Na coordinación coas familias : informándolles da súa función no proceso e pedíndolles apoio e colaboración, na procura de materiais informativos no desenvolvemento dos proxectos...
- Facilitando libros para ler na casa cada fin de semana coas familias. Responsabilizándose deles ata o luns.
- Utilizando a biblioteca do centro como centro de recursos informativo e de lecer ao que podemos acudir e no que debemos respectar o patrimonio colectivo.

## 11. CONCRECIÓN DO PLAN TIC

O desenvolvemento do plan TIC e da competencia dixital concrétase:

- Nas aulas, na organización dos espazos coa presencia do ordenador , coa finalidade de ser utilizado como fonte de información, de recursos didácticos e un elemento importante de lecer e para traballo coa lectura e escritura (manexo e construción de textos).

- No uso compartido para todo o Ciclo dos recursos da pantalla dixital : visualización de power points, películas... e realización de actividades de diferentes áreas.

- Visualización de películas seleccionadas relacionadas con distintas temáticas de interese para os proxectos ou actividades extraescolares.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


## AS TICS NA EDUCACIÓN INFANTIL

Dentro das diversas utilidades das TICS, neste curso 2020-2021, plantexamos o emprego do ordenador como recurso para favorecer:

-a estimulación da creatividade

-a experimentación e a manipulación

-o respecto ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

-o traballo en grupo favorecendo a socialización

-a curiosidade e o espírito de investigación;

como principal eixo e obxectivo do uso das (TICS)

Partiremos do uso do ordenador xa que o resto de tecnoloxías da información e da comunicación parten deste. Así, nas aulas de infantil, empregaremos a encerado dixital, cámaras fotográficas, vídeo cámaras, gravadoras, internet.

O emprego de todas estas tecnoloxías responde ás múltiples aportacións que nos ofrecen as TICS:

- Crear autonomía no alumnado
- Fomentar o uso cooperativo e colaborativo entre o alumnado
- Mellorar a destreza motriz
- Axudar ao desenvolvemento dos contidos sistematicamente
- Facilitar a comprensión dos conceptos
- Estimular novas aprendizaxes
- Motivar a comunicación tanto entre iguais como entre mestra-alumn@

Para incorporar este recurso na nosa aula o papel das docentes é fundamental, pois debemos:

a) Formarnos e ter un certo dominio das TIC para poder ensinar o seu uso

b) Integrar as TIC na aula cunha clara finalidade educativa

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


c) Traballar en equipo

## O USO DAS TICS NA NOSAS AULAS

1. ORDENADOR: xa que a posta en funcionamento do ordenador está dominada, partiremos do emprego do rato que facilita a coordinación óculo-manual e co seu uso as nenas e nenos captan como moverse dentro dun programa concreto. Facilitaremos a busca coa organización do escritorio de xeito que poidan acceder facilmente ás iconas dos programas que empregaremos. Un destes programas será o WORD. Con el

o alumnado pode realizar traballos de forma individual ou en parellas. Este programa ofrece moitas posibilidades como: incluír fotografías, mapas, debuxos … Co uso do teclado o alumnado escrebe con maior soltura que co lapis e o papel e isto facilita o recoñecemento de letras. Para comezar a escribir en WORD abondará cunha sinxela explicación de teclas como INTRO, TABULADOR, E BORRADO.

Outro programa que empregaremos será o PAINT onde poderán expresarse con cores, formas, símbolos …; modificar imaxes …

2. PROXECTOR/INTERNET: cando na aula xorden dúbidas ou o alumnado formula preguntas, a través da rede e do proxector podemos traballar co gran grupo-clase e dar resposta inmediata ás necesidades. Mediante un buscador podemos atopar solucións, investigar sobre algo que nos interesa, ver imaxes, mapas, debuxos, documentais, escoitar audios … Deste xeito promovemos a autonomía e inicicativa persoal do alumnado para mellorar e afianzar as aprendizaxes. Empregaremos, por tanto, internet como unha completa biblioteca de imaxes, películas, sons …

3. CÁMARA FOTOGRÁFICA E CÁMARA DE VÍDEO: unha das principais propostas que xirará en torno ao uso da cámara fotográfica será a de ver as festas, celebracións e conmemoracións do centro, dende os ollos do alumnado (xa que

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


sempre somos os adultos os que facemos fotografías) facilitándolles unha cámara dixital para que sexan elas e eles @s que fotografen os diversos acontecementos como queiran. Logo analizaremos o resultado para ir adquirindo maior soltura e eficacia no seu uso aprendendo a distancia á que é mellor enfocar, onde nos debemos colocar respecto da luz para fotografar…

No referido á cámara de vídeo, empregarémola principalmente en actividades de TVBarouta e para gravar vídeos para o blog de infantil artellandonocole.blogspot.com.

Este instrumento é fundamental para introducir ao alumnado en cuestións estéticas de posta en escena como a postura do corpo, o movemento das mans e dos pés, a vestimenta axeitada…

A gravación de vídeos vai xogar tamén un papel fundamental na adquisición da competencia lingüística en aspectos relacionados coa transmisión de información a outras persoas de maneira axeitada.

4. GRAVADORA: empregarémola fundamentalmente para gravar o audio dos vídeos que subiremos á TVB e ao blog pero tamén será un recurso para que poidan escoitarse (como falan, se se lles entende ou non…) , para que escoiten como inflúen as condicións do entorno nunha gravación (existencia de silencio-ruído)… todas estas reflexións favorecerán a mellora de cara a seguintes gravacións.

Pero posto que este recurso é fundamental para traballar a linguaxe oral aproveitarémolo para rexistrar cancións, adiviñas, contos, poesías, conversas… para crear un CD de recursos para a aula. Isto axudaranos a mellorar en entoación, timbre, volume, son, silencio, vocalización … O alumnado será o propio avaliador das producións e estas poden levarse á casa para que as familias coñezan de primeira man o traballo da aula.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


A gravación de audio tamén vai xogar un papel fundamental na adquisición da competencia lingüística.

**TV BAROUTA**

No curso pasado iniciouse a andaina da TVBarouta e neste curso un dos obxectivos fundamentais en EI será seguir a traballar neste ámbito para complementar o traballo que se realiza nos talleres de radio e nos diferentes blogs do centro para así dar unha mellor cobertura a toda a información que sae da escola dirixida ás familias e a toda a comunidade educativa.

Preténdese potenciar o funcionamento da TVBarouta dende Educación Infantil en colaboración con 1º e 2º de Educación Primaria. As nenas e nenos de 3 a 6 anos serán os principais produtores de contidos para a TVB. Gravaremos vídeos sobre experimentos científicos, as nosas impresións sobre saídas, conmemoracións…; a nosa participación no proxecto de centro Embaróuta-T, Nó sostible…

**ROBÓTICA NA EDUCACIÓN INFANTIL**

Consideramos importante iniciar ao alumnado neste campo durante a EI posto que despois vai ter unha continuidade en primaria e xa que é un campo moi amplo co que traballar diversos contidos, nocións, valores…

As ferramentas de programación e robótica nesta etapa non son tanto para ensinar o código ou para crear programas e proxectos complexos; ao contrario, permiten aprender unha base do pensamento iterativo necesario para afrontar un problema.

Por mor da complexidade dos horarios neste curso iniciaremos só ao alumnado de 6º de EI na robótica. O traballo realizarase en pequenos grupos para inicialos no manexo dos robots: como indicarlle ao robot que dirección debe tomar, cantos pasos ten que dar para chegar ao obxectivo, como esquivar obstáculos …

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


E parte importante deste traballo de robótica é tamén a confección de materiais/plantillas con aquela temática que se estea a traballar para afianzar contidos de xeito dixital. No noso centro traballaremos co modelo de robot "DOC, O ROBOT QUE FALA". As alfombrillas poden personalizarse ao gusto da docente ou do alumnado para incluír, como dixemos, diferentes temáticas.

Pero non só nos limitaremos ao uso do robot xa que se ben en infantil o idel é aproveitar as ferramentas de robótica, a programación tamén pode ser unha actividade con grandes beneficios. Plataformas como **ScratchJr.**, o irmán pequeño do **Scratch orixinal**, están dirixidas a rapazas e rapaces dende os 5 anos e omiten certos aspectos (por exemplo, carecen de texto e empregan imaxes e debuxos para representar o seu modo de uso) para servir como ferramentas coas que crear todo tipo de contido dixital.

## 12. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A programación contempla un programa específico de educación en valores que está en total consonancia co Plan de Convivencia elaborado para o Centro.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Moitas están explicadas no currículo e outras van depender das posibilidades de horario do profesorado para poder levalas a cabo.

Participarase ademais en distintas saídas que con carácter didáctico se programen.

Para realizar o longo de todo o curso tamén se solicitou a participación nas propostas que para o centro fai

- Proxecto Voz Natura
- PLAN PROXECTA: Aliméntate ben.(Froita fresca)

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



Ademais participaremos naquelas actividades, concursos, exposicións que teñan como principal obxectivo o coidado do medio ambiente e o fomento do respecto ou a sensibilización a calquera tipo de maltrato, sempre que se realicen en horario lectivo e no recinto escolar ou da contorna próxima.

## 14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A fase de preparación da nosa actividade antes de poñernos diante dos nosos alumnos/as obríganos a tomar unhas decisións respecto de cada uno dos apartados que debe ter a nosa programación: obxectivos, contidos, actividades que consideramos máis axeitadas, estratexias ou os propios recursos entre outras.

Polo tanto resulta imprescindible concretar os criterios, procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación, mediante os que imos comprobar que realmente os alumnos/as van aprendendo á vez que desenvolven as habilidades e capacidades correspondentes a súa etapa educativa, prevendo as condicións de tempo e espazo en todo momento.

Así teremos en conta en todo momento ao longo da nosa programación que:

- Os obxectivos e contidos plantexados son coherentes coas capacidades dos neno/as.
- Os instrumentos de avaliación utilizados son os apropiados para levar a cabo a avaliación inicial, global, continua e formativa.
- Os criterios de avaliación son útiles para guiar o proceso de avaliación.
- Aplícase a metodoloxía didáctica programada.
- Os espazos das aulas permiten organizar recunchos de actividade.
- Os tempos establecidos foron flexibles e adecuados co desenvolvemento dos neno/as e a metodoloxía seguida.

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- O material utilizado resultou axeitado no proceso de ela.
- As actividades favoreceron a consecución dos obxectivos e contidos
- As actividades partiron dos intereses e motivacións dos neno/as.
- As actividades potencian o desenvolvemento da autonomía e creatividade.
- O deseño das propostas e proxectos foi aberto e flexible.
- As saídas resultaron axeitadas e motivadoras.
- Realizáronse as actividades complementarias programadas.
- Existe un canle de comunicación axeitado familia-escola para a comunicación diaria.
- Levouse a cabo a coordinación e colaboración entre os membros do equipo de ciclo.
- Existe un traballo coordinado co departamento de orientación.
- Atendeuse individualmente ao alumnado que o precisou.

## 15. CONCLUSIÓN

Esta programación terá un carácter aberto e flexible, adaptándonos en todo momento ás características e necesidades individuais do noso alumnado, a situación provocada pola pandemia que estamos a sufrir, modificando, variando ou ampliando os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, segundo as circunstancias das aulas así o vaian requirindo para dar un trato igualitario e coas mesmas posibilidades.

## 16. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS

LOE E IMPLANTACIÓN DA LEI:

- *Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de Educación.*

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- *Real decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece calendario de aplicación e a nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.*

CURRÍCULO:

- *Real Decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación infantil.*
- *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil.*
- *Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.*
- *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

AVALIACIÓN:

- *Orde do 25 de Xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O REGLAMENTO ORGÁNICO DOS CENTROS, O SEU FUNCIONAMENTO:

- *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.*
- *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios*

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es



*de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

- *PEC do CEIP BAROUTA- AMES*

CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS:

- *Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten o ensino do 2º ciclo de Educación Infantil, a educación primaria e a educación secundaria.*

FOMENTO DA CONVIVENCIA NOS CENTROS:

- *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.*

- *Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.*

PLAN DE REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO:

- *Resolución do 10 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección, pola que se da publicidade ao Convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de educación primaria e educación secundaria.*

OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO:

- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, que derroga ao Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso da promoción do galego no sistema educativo.*

Barouta, 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.es


- *Orde do 13 de Xuño pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/2013.*

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

- *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*

- *Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.*

- *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.*

- *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.*

- *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

- *Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizala duración do período de escolarización obrigada*

*dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre dotación intelectual.*

- *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica do alumnado procedente do estranxeiro.*

## 17. ANEXOS

ANEXO 1: PERÍODO DE ADAPTACIÓN, ESCALA DE OBSERVACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN E ENTREVISTA INICIAL.

PERIODO DE ADAPTACIÓN, ESCAL/

ANEXO 2: MODELOS DE PROPOSTAS DOS DIFERENTES AMBIENTES

AULA LABORATORIO

Zona húmeda.docx | COGOMELOS. MYCENA.docx | PLANTAMOS CARBALLOS 2.docx | PROPOSTA MANDALA NATUREZ/ | PROPOSTA MANDALA CON REC(




AULA OBRADOIRO

Actividade con monstros.docx | Modelo proposta abn (1).docx




## AULA TEATRO

MESA (2).docx

EXPRESIÓN ORAL-TEATRO (1).doc

EXPRESIÓN ORAL-TEATRO.docx




## AULA PENDELLO

